

PROPOSTA DE PREGUNTAS PARA O APARTADO DO SELFIE "SUS PROPIAS PREGUNTAS"

Desde a Consellería recoméndase que no apartado "sus propias preguntas" do SELFIE a persoa coordinadora do centro engada as seguintes cuestións relacionadas coa situación dixital do centro de cara a ter unha mellor autodiagnose. A maiores o **centro educativo** terá a oportunidade de **engadir ata 5 preguntas máis** nese apartado:

Proposta de preguntas a incorporar no test SELFIE para o equipo directivo:

1. O centro só emprega servizos dixitais educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo corporativo...) para difundir a información do centro e o ensino virtual
2. O equipo directivo promove o emprego de software libre no ámbito educativo
3. Dende o centro educativo promóvese a participación do profesorado en actividades formativas individuais organizadas polas Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado
4. O equipo directivo coñece a normativa relativa a adquisición de equipamento informático para os centros educativos
5. Nas aulas do centro hai equipamento informático mercado polo propio centro

Proposta de preguntas a incorporar no test SELFIE para o profesorado:

1. Participo en actividades formativas individuais organizadas pola Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado
2. O centro promove a creación conxunta de coñecemento a través da organización dun Plan de formación en centros do que formo parte
3. As diferentes modalidades de formación organizadas pola Administración Educativa axústanse as miñas necesidades formativas en competencia dixital
4. O centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica do alumnado a través de servizos dixitais educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, abalarMobil, correo electrónico...)
5. Son coñecedor/a das vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo e dispoño e fago uso deste tipo de ferramentas no centro

Proposta de preguntas a incorporar no test SELFIE para o alumnado:

1. Podo atopar toda a información que preciso na web do centro
2. Podo facer un seguemento das miñas tarefas a través da aula virtual do centro ou do EVA do proxecto Edixgal na maioría das materias
3. A min ou á miña familia chégannos avisos e notificacións a través da aplicación abalarMobil. Ademais pódense xustificar as faltas ou pedir titorías a través da mesma aplicación
4. Son coñecedor/a das vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo e dispoño e fago uso deste tipo de ferramentas no centro
5. Na miña casa non preciso empregar software de pago para a realización das actividades propostas desde o centro educativo